

polos interesados concedéndose as licenzas de non atopar diferenzas coas peticións.

Se se desen diferenzas coas declaracións, notificaránselles aos interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias con aplicación dos xuros de demora e a sanción correspondente.

4.—En caso de denegarse as autorizacións, procederá a devolución dos importes ingresados.

5.—Non se poderá gozar dun aproveitamento da vía pública ata que fose ingresado o importe das taxas e fose outorgada a correspondente licenza.

6.—Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial conlevase a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houbese lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danados.

O Concello non poderá condonar total ni parcialmente as indemnizacións e reintegros aos que se refire esta alínea..

7.—O goce dun aproveitamento sen licenza ou por superficie ou duración superior á que figurase naquela será sancionado pola Alcaldía de acordo co disposto no artigo 21 k da Lei 7/1985 de 2 de Abril Reguladora das Bases de Réxime Local e restante normativa de aplicación.

IX.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 9º

No relativo ás infraccións tributarias desta Ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, atenderase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta Ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno na sesión do día 30-11-04, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS

I.—FUNDAMENTO E NATUREZA

ARTIGO 1º

En uso das facultades contidas no artigo 106 da Lei 7/85, Lei de Bases de Réxime Local, e nos artigos 20 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Regulado-

ra das Facendas Locais, o Concello de Pontearreas establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de terreos de uso público local por ocupación con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

II.—FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2º

Constitúe o feito imponible desta taxa a ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

III.—SUXEITOS PASIVOS

ARTIGO 3º

Son suxeitos pasivos das taxas reguladas nesta Ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, ás que se lles outorgaron as licenzas ao seu favor, ou os que gocen, utilicen, ou aproveiten especialmente o dominio público local, de procederen sen a oportunidade autorización.

IV.—RESPONSABLES

ARTIGO 4º

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios as persoas incluídas no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

V.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

ARTIGO 5º

Agás o disposto en normas de rango legal e tratados internacionais, non se admitirán exencións nin bonificacións nas taxas reguladas na presente ordenanza.

VI.—COTA TRIBUTARIA

ARTIGO 6º

1.—Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización, ou adxudicación.

2.—No resto de casos, a cota tributaria será a resultante de aplicar a tarifa correspondente:

1.—Por ANO. Por cada m2 de terreo de uso público delimitado con mesas, cadeiras, tribunas, taboados, parasoles, tarros de plantas e outros elementos análogos. O ano: 32.62 euros.

2.—Por MES. Por cada m2 de uso público delimitado cos mesmos elementos.

O mes ou fracción: 2.72 euros.

3.—A cuota para mes aplicarase proporcionalmente aos días extraordinarios solicitados de conformidade no disposto no artigo 8ª.9 desta ordenanzas.

En caso de existiren toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

VII.—PERÍODO IMPOSITIVO, DEVENGO E INGRESO

ARTIGO 7º

1.—O período impositivo mínimo será dun mes contado de data a data.

2.—As taxas reguladas na presente Ordenanza devengarase no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento especial, cando non se obtivese a correspondente licenza.

3.—No momento da solicitude do aproveitamento especial, os suxeitos pasivos ingresarán polo procedemento de autoliquidación o importe total das cotas resultantes da aplicación do artigo 6 desta Ordenanza.

Se o aproveitamento é temporal, o período mínimo será dun mes, e procederase ao ingreso dos meses para os que se solicite o aproveitamento especial.

Se o aproveitamento é anual, abranquará o período entre o 1 de xaneiro e o 31 de Decembro do ano ao que se refiran, debendo ingresarse a cantidade correspondente a unha anualidade de aproveitamento.

As posteriores cotas anuais serán esixibles dende o primeiro día do ano natural, notificándolle a Administración Tributaria Municipal, as liquidacións correspondentes.

VIII.—NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 8º

1.—Non poderán instalarse as mesas, cadeiras, parasoles, tarros de plantas e outros elementos análogos nas beirarrúas.

2.—Para poder gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas de vía pública, os interesados deberán solicitar a oportuna licenza.

No caso de que os lugares susceptibles de aproveitamento especial ou utilización privativa fosen limitados, poderán concederse as licenza mediante poxa pública conforme ao Prego de Condicións que oportunamente se aprobe. Servirán de tipo inicial de licitación os prezos que figuran no artigo 6 deste texto.

3.—As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e D.N.I. ou razón social e C.I.F. do solicitante, domicilio fiscal e situación de aproveitamento.

4.—Os servicios técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados concedéndose as licenzas de non atopar diferenzas coas peticións.

Se se desen diferenzas coas declaracións, notificaránselles aos interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias con aplicación dps xuros de demora e a sanción correspondente.

5.—En caso de denegarse as autorizacións, procederá a devolución dos importes ingresados.

6.—Non se poderá gozar dun aproveitamento da vía pública mentres non sexa ingresado o importe das taxas e fose outorgada a correspondente licenza.

7.—Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial conlevase a destrucción ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa á que houberse lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danados.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros aos que se refire esta alinea.

8.—O goce dun aproveitamento sen licenza, ou por superficie ou duración superior á que figurase naquela será sancionado pola Alcaldía de acordo co disposto no artigo 21 k da Lei 7/1985 de 2 de Abril Reguladora das Bases de Réxime Local e restante normativa de aplicación.

9.—Na solicitude determinarase os días extraordinarios nos que ocupase superficies maiores cun máximo de quince días por ano.

IX.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 9º

No relativo ás infraccións tributarias desta Ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, atenderase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Á entrada en vigor da presente Ordenanza quedaría derogada a Ordenanza reguladora das taxas por ocupación de terreos de uso público local con mesas e cadeiras, sen prexuízo de que o concello exixa, de acordo con ela, as débedas devengadas durante a súa vixencia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta Ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno na sesión do día 30-11-04, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ponteareas, 31 de xaneiro de 2005.—O Alcalde, Salvador González Solla. **2005000916**

* * *

M O S

A N U N C I O

Rectificación de erro

Publicado no Boletín Oficial da provincia número 21, de data 1 de febreiro de 2005, o texto íntegro da Ordenanza Reguladora da taxa por recollida, tratamento e eliminación de lixo e residuos urbanos do concello de Mos, hai un erro, en canto a cota a pagar, polos establecementos de restauración, apartado 2º.

Onde di: 2.1) Bares, tabernas e furanchos de 50 a 100 m²: 94,96 euros.

Debe decir: 2.1) Bares, tabernas e furanchos de 50 a 100 m²: 84,96 euros.

Mos, 1 de febreiro de 2005.—O Concelleiro Delegado, Xosé Manuel Martínez Ojea. **2005001076**

* * *

SOUTO MAIOR

A N U N C I O

Advertido erro no anuncio de publicación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, insertado no B.O.P. núm. 245, de data 22 de decembro de 2004, donde dice: "Motocicletas de máis de 250 ata 500: 8,18 euros", debe decir: "Motocicletas de máis de 250 ata 500: 18,18 euros".

Soutomaior, a 2 de febreiro de 2005.—O Alcalde, Agustín Reguera Ocampo. **2005001077**



Juzgados de lo Social

De Vigo

Edicto sentencia

Don Antonio C. Mancha Álvarez del Vayo, Secretario en el Juzgado de lo Social número uno de Vigo.

Certifico: Que en los autos de juicio nº 1071/04, seguidos en este Juzgado a instancia de Beatriz Vaz López contra Orlando Jesús Conde Domínguez, sobre despido, se ha dictado la siguiente sentencia:

En Vigo, a uno de febrero de dos mil cinco.— Vistos por mí, José Manuel Díaz Alvarez, Magistrado-Juez del Juzgado de lo Social número uno de Vigo, los presentes autos sobre despido seguidos entre partes, como demandante Dª Beatriz Vaz López asistida de la letrada Dª Eva María Mauricio García y como demandado el empresario Orlando Jesús Conde Domínguez que no compareció a pesar de haber sido citado y con intervención del Fondo de Garantía Salarial representado por el letrado D. Luis de Soto Rodríguez.

(Hechos declarados probados y fundamentos de derecho.)

Fallo: Que estimando en parte la demanda interpuesta por Dª Beatriz Vaz López, debo declarar y declaro improcedente el despido de que fue objeto la misma con fecha 25 de octubre de 2004 por parte del demandado D. Orlando Jesús Conde Domínguez, al que condeno a que en el plazo de cinco días desde la notificación de esta resolución opte entre la readmisión de la trabajadora o abonarle una indemnización de 131,24 euros, opción que deberá ejercitar mediante escrito o comparecencia ante la Secretaría de este Juzgado en el plazo indicado y sin esperar a la firmeza de la presente sentencia, así como a que en ambos casos le abone los salarios dejados de percibir desde la fecha del despido hasta la notificación de esta resolución, salarios de los que podrá deducir el demandado, y en su caso del Fondo de Garantía Salarial, los percibidos por la actora en el período concurrente de la empresa Herman's Systems, S.A., para la que trabajó del 4 de diciembre de 2004 al 5 de enero de 2005, advirtiéndole al demandado que en caso de no optar en el plazo y forma expresados se entenderá que procede la readmisión, desestimando las demás pretensiones deducidas en la demanda, de las que absuelvo al referido demandado, todo ello con la intervención procesal del Fondo de Garantía Salarial.

Se hace saber a las partes que contra esta sentencia pueden interponer recurso de suplicación para ante la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, el cual podrán anunciar en este Juzgado por mera manifestación de la parte, de su Letrado o representante, de su propósito de entablarlo al hacerles la notificación de aquella o mediante comparecencia o escrito en el plazo de cinco días a contar desde la notificación de la presente resolución.

De recurrir el empresario demandado no se le admitirá sin la previa consignación del importe de la condena, como prescribe el artículo 228 de la Ley de Procedimiento Laboral, que deberá ingresar en la Cuenta número 3626000065 107104 del Juzgado de lo Social número uno, abierta en el Grupo Banesto, más 150'25 euros del depósito especial indicado en el artículo 227.1.a) de la citada Ley.